

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL EN DATA 21 DE DECEMBRO DE 2007.-

Na Casa do Concello da Guarda, sendo as nove horas do día vinteún de decembro do ano dous mil sete, tivo lugar a sesión Ordinaria da Xunta de Goberno Local que, convocada e presidida polo Sr. Alcalde D. José Manuel Domínguez Freitas, contou coa asistencia dos seguintes concelleiros membros deste órgano:

- D. Miguel A. Español Otero.
- Dna. Montserrat Magallanes Álvarez.
- D. Paulino Rodríguez González.
- D. Antonio Lomba Baz.
- D. Manuel Javier Crespo González

Asiste como Secretaria a do Concello Dna. Julia M^a Carrasco Glez.-Alegre.

Sendo a hora sinalada, o Sr. Presidente pasa a dar conta dos asuntos que conforman a orde do día, que de seguido se relacionan:

PUNTO 1.- ACORDOS

Dase conta do escrito RE 9.034 de data 17 de decembro de 2007, presentado por DNA. ANA GONZÁLEZ PORTELA, como representante de Transgalaica S.L., concesionaria da Piscina Cuberta Municipal, solicitando un pedido de 5.000 litros de gasoil para o funcionamento da maquinaria propia das instalacións.

A Xunta de Goberno Local acorda acceder ó solicitado.

Lese o escrito RE 9.167 de data 21 de decembro de 2007, presentado por D. JOSÉ A. GÁNDARA RODRÍGUEZ, Presidente da Asociación Ábaco, solicitando permiso para a circulación e estacionamento do tren turístico de dinamización navideña os días 26, 27 e 28 de decembro.

A Xunta de Goberno Local acorda acceder ó solicitado e se concretarán os percorridos e paradas.

Lese o escrito RE 9.130 de data 20 de decembro de 2007, presentado por D. ROBERTO MARTÍNEZ DE ANTOÑANA DELGADO, con enderezo na rúa Julio Sesto, n^o 64-1^oC de O Rosal, solicitando permiso para realizar unha tirada de tracas de luces na Noitevella o carón do local que rexenta na rúa José María Sesto, n^o 23. Aporta a identificación da persoa rsponsable los lanzamentos.

A Xunta de Goberno Local acorda acceder ó solicitado pero deberá cumprir estrictamente a normativa aplicable sendo as actuacións da súa exclusiva responsabilidade.

Dase conta do escrito RE 9.115 de data 19 de decembro de 2007, presentado pola FEGAMP, comunicando o acordo de prorrogar o modelo actual dos Grupos Municipais de Intervención Rápida ata o 31 de marzo de 2008.

A Xunta de Goberno Local dase por enterada.

Lese o escrito RE 9.116 de data 19 de decembro de 2007, presentado por I.E.S. A SANGRIÑA, xuntando copia do escrito remitido á Delegación Provincial de Educación para colaborar no acondicionamento do Salón de Actos deste Centro, e solicitando o apoio do Concello a esta solicitude.

A Xunta de Goberno Local acorda apoiar esta solicitude e remitir este escrito á Delegación Provincial.

Dase conta do escrito RE 9.043 de data 18 de decembro de 2007, presentado por SOGAMA, sinalando determinadas condicións respecto dos voluminosos procedentes dos Puntos Limpos.

A Xunta de Goberno Local dase por enterada.

Dase conta do escrito RE 9.018 de data 17 de decembro de 2007, presentado por CONSELLERÍA DE CULTURA E DEPORTE – DELEGACIÓN PROVINCIAL, notificando a resolución do Director Xeral de Patrimonio de autorizar a restauración do cruceiro de Pintán – A Proba atendendo as condicións establecidas na notificación.

A Xunta de Goberno Local dase por enterada.

Lese o escrito RE 9.038 de data 18 de decembro de 2007, presentado por D. JOAQUÍN RODRÍGUEZ VICENTE, con enderezo na rúa Bouzó, nº 18-1ºB de A Guarda, solicitando unha medición acústica do local denominado POOL CHAOS debido a que lle produce molestias.

A Xunta de Goberno Local acorda dar traslado ó aparelador municipal para realizar a medición.

PUNTO 2.- ASUNTOS TRAÍDOS POR CONCELLEIROS

Lese o escrito RE 9.061 de data 18 de decembro de 2007, presentado por DNA. FÁTIMA IGLESIAS FERREIRA – CONCELLEIRA DO PARTIDO POPULAR DA GUARDA, solicitando en nome de varios veciños da rúa Julian López alumeado de nadal para dita rúa.

A Xunta de Goberno Local acorda comunicarlle que a súa proposta será tida en conta no próximo ano, xa que a data de hoxe non é posible posto que partida económica está esgotada e non caben modificacións contractuais.

PUNTO 3.- ASUNTOS URBANÍSTICOS

Lese o escrito RE 8.249 de data 15 de novembro de 2007, presentado por D. LUIS BARROS RIAL, en representación de PREFABRICADOS LUIS BARROS, S.L., con enderezo a efectos de notificacións na Avda. Val Miñor, nº 7-baixo de Nigrán presentando recurso de reposición ó acordo da Xunta de Goberno Local de data 19 de outubro de 2007 polo que se lle denega licencia de obra para instalación de planta de formigón no lugar de Cachadas (A Gándara).

A Xunta de Goberno Local, atendendo ó informe xurídico de data 12 de decembro que obra no expediente, acorda:

1º.- Estimar parcialmente o recurso de reposición entablado pola Entidade Mercantil PREFABRICADOS LUIS BARROS, S.L. no sentido de non denegar a licencia de obras para a instalación dunha fábrica de formigón fresco, ordeando acto seguido, como requisito previo a súa concesión ou denegación, a emisión de informes pendentes no expediente de solicitude de licencia ou autorización do proxecto de urbanización interesada pola mesma entidade con data 24 de Abril de 2.007 e que quedou sobre a mesa na sesión da Comisión de Urbanismo de data 3 de Maio de 2.007.

2º.- Unha vez se emitan os informes correspondentes, se resolva a solicitude de autorización do proxecto de urbanización e simultaneamente, se e posible, se resolva a solicitude de licencia de obras e apertura da fábrica de formigón fresco.

3º.- Notificar este acordo ós interesados, dándolle os recursos procedentes.

Lese o escrito RE 8.975 de data 14 de decembro de 2007, presentado por D. FERNANDO LORENZO GONZÁLEZ, con enderezo na rúa Baixada á Armona, nº 4 – Camposancos de A Guarda, presentando recurso de reposición ó acordo adoptado na Xunta de Goberno Local de data 2 de novembro segundo o cal se archiva a denuncia por el presentada relativa á revisión da licencia número de expediente 383.

A Xunta de Goberno Local, atendendo ó informe xurídico que obra no expediente, acorda desestimar o recurso de reposición interposto por D. Fernando Lorenzo González contra o acordo da Xunta de Goberno de data 2 de Novembro

pasado por non se-los feitos denunciados motivo de revisión da licencia, tratándose de cuestións de dereito privado.

Lese o escrito RE 8.856 de data 11 de deembro de 2007, presentado por D. FÉLIX FERREIRA GONZÁLEZ, con enderezo na rúa Diego Antonio González, nº 27 de A Guarda, denunciando a realización de obras na 2ª Transv. Netos, nº 14 sin que conste permiso para elo, e solicitando copia da licencia municipal e da carta de pago. Asimesmo solicita día para acceder ó expediente.

A Xunta de Goberno Local acorda comunicarlle que, segundo informa a Policía Local, nas datas denunciadas non se estaba realizando obra algunha alí.

Lese o escrito RE 9.040 de data 18 de decembro de 2007, presentado por D. LUIS BARROS RIAL, con enderezo a efectos de notificacións na Avda. Val Miñor, nº 7 de Nigrán, interpoñendo acción pública para a protección da legalidade urbanística polas obras de adición de planta baixo cuberta na vivenda unifamiliar propiedade de D. Paulino Rodríguez González no lugar de Xunqueiriñas, nº 15.

A Xunta de Goberno Local acorda dar traslado ós servicios urbanísticos para a emisión dos correspondentes informes.

Non habendo máis asuntos a tratar o Presidente levanta a sesión ás once horas e trinta minutos do día da data do que eu, como Secretaria, dou fe.